

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

12607 *Real decreto 635/2021, do 27 de xullo, polo que se modifica, para a escala de oficiais enfermeiros do corpo militar de sanidade, o Regulamento de avaliacións e ascensos nas Forzas Armadas e sobre o acceso á condición de militar de carreira de militares de tropa e mariñeiría, aprobado polo Real decreto 168/2009, do 13 de febreiro.*

A Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, dispón no seu artigo 88.3 que os ascensos dos militares profesionais se producirán ao emprego inmediato superior sempre que se reúnan as condicións establecidas nesta lei e con ocasión de vacante na escala correspondente, salvo nos ascensos por antigüidade, en que se producirá o ascenso cumprido o tempo de servizos que se determine regulamentariamente para cada emprego e escala.

O Regulamento de avaliacións e ascensos nas Forzas Armadas e sobre o acceso á condición de militar de carreira de militares de tropa e mariñeiría, aprobado polo Real decreto 168/2009, do 13 de febreiro, establece no seu artigo 16.4 que o ascenso a capitán dos tenentes da escala de oficiais enfermeiros do corpo militar de sanidade se producirá ao cumpriren os tempos de permanencia en determinado tipo de destinos que estableza a persoa titular do Ministerio de Defensa e nove anos de tempo de servizos.

As necesidades organizativas e operativas das Forzas Armadas fan conveniente neste momento unha redución dos tempos de servizos no emprego de tenente da escala de oficiais enfermeiros do corpo militar de sanidade para o ascenso ao emprego de capitán.

Esta medida favorecerá, ademais, que os membros da dita escala poidan desenvolver unha carreira profesional plena ao facilitar que poidan alcanzar antes os empregos superiores desta.

Este real decreto adecúase aos principios de boa regulación conforme os cales deben actuar as administracións públicas no exercicio da iniciativa lexislativa e da potestade regulamentaria, como son os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O principio de necesidade xustifícase en que a redución do tempo de permanencia no emprego de tenente para a escala de oficiais enfermeiros do corpo militar de sanidade concorda co necesario para a capacitación para asumir maiores responsabilidades.

Así mesmo, cúmprense os principios de eficiencia e proporcionalidade, ao establecer o adecuado equilibrio entre as necesidades operativas e organizativas e o tempo de servizos no emprego de tenente, que posibilitará a adquisición da preparación e experiencia requiridas para o ascenso ao emprego superior.

Obsérvase o principio de seguridade xurídica, dado que a xerarquía da norma se axusta ao regulado nela e esa regulación se fai de forma clara e específica.

Durante a súa tramitación, deuse coñecemento deste real decreto ás asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49.1.b) da citada lei orgánica, tivo coñecemento e foi oído o Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, o proxecto foi sometido ao trámite de audiencia e información pública e non se recibiu ningunha achega cidadá.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, logo de informe do Ministerio de Facenda, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xullo de 2021,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación, para a escala de oficiais enfermeiros do corpo militar de sanidade, do Regulamento de avaliacións e ascensos nas Forzas Armadas e sobre o acceso á condición de militar de carreira de militares de tropa e mariñeiría, aprobado polo Real decreto 168/2009, do 13 de febreiro.*

O Regulamento de avaliacións e ascensos nas Forzas Armadas e sobre o acceso á condición de militar de carreira de militares de tropa e mariñeiría, aprobado polo Real decreto 168/2009, do 13 de febreiro, modifícase no seguinte sentido:

Un. Modifícase o número 4 do artigo 16, que queda redactado como segue:

«4. O ascenso polo sistema de antigüidade nas escalas de oficiais, na escala de oficiais enfermeiros e nas escalas de suboficiais producirase cando as persoas interesadas teñan cumpridos os tempos de permanencia en determinado tipo de destinos que estableza a persoa titular do Ministerio de Defensa e os tempos de servizos seguintes:

- a) A capitán: 5 anos.
- b) A sarxento primeiro: 8 anos.

A persoa titular do Ministerio de Defensa, por iniciativa do xefe de Estado Maior do exército correspondente, poderá reducir até nun ano os tempos anteriores, cando as necesidades organizativas de cada exército así o requiran.

Os ascensos a capitán nas escalas técnicas dos corpos de enxeñeiros produciranse ao cumpriren as persoas interesadas no emprego de tenente os tempos de permanencia en determinado tipo de destinos que estableza a persoa titular do Ministerio de Defensa e nove anos de tempo de servizos.»

Dous. Inclúese un novo número 3 na disposición transitoria terceira, que queda redactado como segue:

«3. Os tenentes pertencentes á escala de oficiais do corpo militar de sanidade ascenderán a capitán polo sistema de antigüidade, coas avaliacións establecidas neste regulamento, ao cumpriren as persoas interesadas os tempos de permanencia en determinado tipo de destinos que estableza a persoa titular do Ministerio de Defensa e cinco anos de tempo de servizos entre os empregos de alférez e tenente. Aqueles que accederon a estas escalas co emprego de tenente ascenderán a capitán o mesmo día do ascenso de quen os preceda no escalafón, se reúnen o resto de condicións exixidas.»

Disposición adicional única. *Ascenso dos membros da escala de oficiais do corpo militar de sanidade.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto quedará sen efecto, para a escala de oficiais do corpo militar de sanidade, o disposto no número 2 da disposición transitoria terceira do Real decreto 168/2009, do 13 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de avaliacións e ascensos nas Forzas Armadas e sobre o acceso á condición de militar de carreira de militares de tropa e mariñeiría.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado na Embaixada de España en Lima o 27 de xullo de 2021.

FELIPE R.

A ministra de Defensa,
MARGARITA ROBLES FERNÁNDEZ